

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



FEMP



ACCIÓN POR EL CLIMA EN LOS CENTROS EDUCATIVOS 2023: RECURSOS DIDÁCTICOS.

Red Española de Ciudades por el Clima de la Federación Española de Municipios y Provincias, 2023.

Esta guía está dirixida a centros educativos, que polo seu labor didáctico, son lugares prioritarios para promover a acción fronte ao cambio climático, con iniciativas que contribúan a reducir emisións, mellorar a xestión dos recursos e reducir os posibles impactos sobre a saúde e o benestar das persoas. Inclúe fichas descritivas, infografías, experimentos, xogos, etc.

Descárgao en



<https://acortar.link/D83k5V>

MARIPOSAS EN LOS HUERTOS ESCOLARES.

Cooperativa Germinando, 2022.

Unha recompilación de actividades educativas que poden facerse ao redor dos oasis de bolboretas, en todos os niveis educativos. O obxectivo principal é fomentar o interese pola conservación da biodiversidade nos centros educativos desde unha mirada máis ampla, incluíndo os patios e xardíns escolares como espazos biodiversos. E, con iso, favorecer a realización de actividades educativas que sirvan para complementar os diferentes proxectos de horto escolar.



Laura
Hernando,
Andrea
Estrella

Descárgao en



<https://acortar.link/De0Mtm>



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



DOMINGO
QUIROGA
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN



Deputación
DA CORUÑA




para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA





Abel
del Rey
Palacios



GUIA DE CUSTODIA DE BARRIO ESCOLAR. Red Navarra de Aprendizaje y Servicio Solidario, 2024.

Con este recurso, búscase transformar a contorna dos centros escolares nun espazo de aprendizaxe activa e sostible, promovendo a implicación de estudantes e docentes na mellora do seu propio barrio. Esta guía, inspirada en metodoloxías como a Aprendizaxe e Servizo Solidario, foi presentada recentemente no III Congreso de Teachers for Future.

Descárgao en



<https://acortar.link/omiV6s>

GUIA DE RECURSOS EDUCATIVOS SOBRE CAMBIO CLIMÁTICO. CENEAM, 2024.

Presentámosvos esta nova guía de recursos sobre cambio climático: de 3 a 18 anos e profesorado realizada polas bibliotecas verdes da rede RECIDA e que actualiza a publicada en 2021. Para que o profesorado, alumnado e familias teñan a man recursos variados para coñecer, xogar, ou facer actividades sobre esta temática. Moitos dos recursos son dixitais e outros pódense localizar nos centros RECIDA, nas librerías ou nas editoriais correspondentes.



RECIDA

Descárgao en



<https://acortar.link/pxWJz8C>

Kait
Eaton



101 IDEAS PARA DISFRUTAR AL AIRE LIBRE. Geoplaneta, 2023.

Selección de actividades deseñada para que os máis pequenos gocen e aprendan en contacto coa natureza. Aprender a ler un mapa, identificar diferentes árbores, xogar á procura do tesouro, deseñar unha pulseira vexetal ou crear música son algunhas das 101 actividades que se poden practicar ao aire libre.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santiago, Narón](#)

LA MALETA DE LA CIENCIA: 60 EXPERIEMENTOS DE AIRE Y AGUA Y CENTENARES DE RECURSOS PARA TODOS. Graó, 2010.

Experimentadas antes da súa publicación durante máis de dez anos en numerosos centros, as prácticas sobre aire e auga que reúne este libro teñen o obxectivo de ser divertidas pero sinxelas, baratas, seguras e moi claras para calquera persoa. Para aproximarse de forma rigorosa ao mundo dos experimentos. Ilustrado con humor e organizado didácticamente con claridade, este libro conta co aval científico de destacados profesionais.



Enric
Ramiro

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santiago](#)

Bibliotecas Universitarias: [UDC, USC, UVIGO](#)

Katia Hueso



LA NATURALEZA QUE NOS CUIDA: CÓMO ENCONTRAR EL BIENESTAR EN ELEMENTOS Y ESCENARIOS NATURALES. Plataforma Editorial, 2024.

O libro ofrece unha ampla panorámica dos elementos, seres vivos e escenarios da natureza que contribúen á nosa saúde. A autora e bióloga, cofundadora da primeira escola ao aire libre de España, convidanos a explorar os beneficios que nos dá a natureza e revélanos onde atopalos. Para que a natureza nos coide dunha maneira efectiva, xenuína e segura.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Públicas:[A Coruña](#)

ELLAS Y LA HISTORIA NATURAL: LA NATURALEZA ILUSTRADA POR LAS MUJERES. Mosquito, 2024

Este recurso ilustrado quere ofrecer a súa especial homenaxe tanto ás miles de mulleres artistas e científicas que xa nunca poderán ser lembradas, como ás que si o son e o serán. As breves biografías que contén o libro dan a entender, moitas veces, a loita, a dor, o ímpeto e a valentía dalgunhas delas por ver publicadas as súas obras baixo o seu nome. Pura arte por milleiros, pero tamén pura rebeldía e silenciosa batalla por defender a igualdade.



Lluís Cassany

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Estibaliz
Espinosa,
Clara,
Cerviño (il)



CANTO COSMOS: POEMAS E ASTRONOMÍA PARA CASE BEBÉS. Embora, 2023.

Poesía e conceptos científicos para bebés. Un experimento poético sobre o cosmos extraordinariamente construído e con fantásticas ilustracións de Clara Cerviño.

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Moaña](#), [Ames](#), [Negreira](#), [Carnota](#), [Arzua](#)

LOS HECHIZOS PERDIDOS. Nórdica libros, 2023.

Unha fascinante colección de poemas escritos polo máximo expoñente do nature writing que evocan a maxia do mundo natural cotián con preciosas ilustracións. Cada feitizo deste libro conxura a un animal, árbore ou flor, desde a curuxa común ata o raposo vermello, a foca gris, o bidueiro, a pega marza e a gralla pequena, cos que compartimos as nosas vidas e paisaxes. Escrito para ser lido en voz alta, está trazado con pinceladas que chaman ao bosque, ao campo, á beira do río e tamén ao corazón.



Robert
Macfarlane,
Jackie
Morris (il)

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>